

John Stevens Henslow

Botánico británico.

Nado o 6 de febreiro de 1796 en Rochester, Kent, Inglaterra

Finado o 16 de maio de 1861 en Hitcham, Norfolk

Botánico, crego e xeólogo británico que popularizou a botánica na Universidade de Cambridge coa introducción de novos métodos de ensino da materia.

Henslow graduouse no College de St. John en Cambridge en 1818, e enseguida virouse cara ao estudio da historia natural, facendo expedicións ecolóxicas ás illas de Wight e de Man co zoólogo inglés Adam Sedgwick, co que, máis tarde, fundaría a Sociedade Filosófica de Cambridge (1821).

En 1822 fíxose profesor de mineraloxía en Cambridge, e no 1824 foi ordeado sacerdote. En 1827 acadou o posto de profesor de botánica en Cambridge, onde introduciu unha técnica de ensino promovendo o descubrimento independente. Os seus alumnos recibían plantas e se lles pedía que examinasen e anotasen as características das estruturas que atoparan. Este método, combinado cunhas inusuais saídas de campo, lecturas de interese e o entusiasmo natural de Henslow, fixeron da botánica unha das asignaturas máis populares da Universidade, e serviron como fonte de inspiración a Charles Darwin, o alumno e amigo favorito de Henslow.

Coa fin de persuadir aos agricultores a aplicar métodos científicos para as súas operacións, Henslow deu conferencias públicas sobre a fermentación do esterco e escribiu boletíns de novas nos xornais locais.

Durante as fames da pataca (1845-46) en Irlanda, desolado pola situación dos labregos, mostrou o xeito de extraer o almidón das patacas podres.

As publicacións de Henslow inclúen un Catálogo de Flora Británica (1829) e os Principios de Botánica descriptiva e fisiolóxica (1835).

(Tradución da Enciclopedia Británica)